

Estimado/a espectador/a:

Mediante a presente informámoslle que nos vindeiros días terá lugar no Teatro Principal de Ourense a presentación da súa programación do primeiro semestre do ano 2025, que conta co patrocinio da Deputación Provincial de Ourense e ca colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e do INAEM (Proxecto PLATEA), a cal xa se pode consultar na nosa páxina web [www.teatroprincipalourense.com](http://www.teatroprincipalourense.com). Os usuarios poderán descargar o programa semestral, informarse sobre o período de venda de abonos do teatro, tarifas, venda de entradas individuais para cada espectáculo, etc.

Informámoslle concretamente que o día 20 de xaneiro de 2025 sairá á venda o abono do teatro da tempada e permanecerá ata o día 30 de xaneiro de 2025, a través de:

- [www.teatroprincipalourense.com](http://www.teatroprincipalourense.com) e [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)
- Taquilla física do teatro (de 12:00 a 14:00 horas).
- Teléfono gratuito de Ataquilla de atención ao cliente: 986110500.
- Sede Afundación de Vigo.
- Sede Afundación da Coruña.
- Sede Afundación de Santiago de Compostela.

Os abonados desfrutarán dun desconto do 5% en toda a sala, disporán do mesmo asento durante toda a tempada, recibirán no seu domicilio ou vía correo electrónico a programación mensual e informaráselle doutras novas que poidan xurdir durante a tempada.

A compra da entrada individual pode efectuarse a través das canles citadas anteriormente, tendo en conta tamén que a taquilla física do Teatro Principal de Ourense estará aberta ademais dúas horas antes da función.

O/A espectador/a que dispuxera dun abono durante a tempada anterior, informámoslle da posibilidade de manter a mesma localidade do anterior abono. De estar interesado, precísase que realice a súa reserva no teléfono 988317960 (en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres), preguntando por “reservas” ou a través do correo electrónico [oficina.teatro@depourense.gal](mailto:oficina.teatro@depourense.gal), indicando o seu nome, teléfono e a localidade correspondente ao seu abono. **So poden acceder a esta posibilidade os/as espectadores/as posuidores/as do abono da tempada anterior e que realicen a súa reserva entre os días 20 e 23 de xaneiro de 2025.**

O equipo de traballo do Teatro Principal de Ourense agarda achegar a toda a cidadanía unha programación plural, diversa e de calidade que sexa do seu agrado.

Reciban un cordial saúdo, atentamente,

Marcos Vázquez Guzmán

Director da Área de Cultura e Deporte da Deputación de Ourense